



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS  
SECRETARÍA GENERAL  
REGISTRO GENERAL

20 MAY. 2024 14:39:04

Entrada **26148**

## Sobre o proxecto de paso soterrado presentado pola AAVV do barrio de Peliquín

Competencia	Competencias de la Cámara
Subcompetencia	Control e información
Tipo Expediente	184-Pregunta al Gobierno con respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



## Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ao proxecto de paso subterráneo realizado pola asociación de veciños e veciñas do barrio de Peliquín (Ourense) alternativo á supresión do paso a nivel actual con motivo das obras da Variante do AVE de Ourense.**

En anteriores iniciativas parlamentarias dirixímonos ao Ministerio de Transportes para trasladarlle as demandas dos veciños e veciñas do barrio de Peliquín ante a decisión de Adif de suprimir o paso a nivel con barreiras existente no barrio, con motivo das obras de construción da Variante do AVE de Ourense, no tramo Taboadela-Estación de Ourense, e a súa opción de substituílo pola construción dun paso elevado destinado só ao tránsito de viandantes.

Desde que se tivo coñecemento dos plans de Adif, a veciñanza mobilizouse para convencer a Adif da necesidade de elixir unha solución que compatibilizase o paso de peóns e coches e non deixase o barrio incomunicado. A súa aposta foi sempre a creación dun paso subterráneo para permitir o tránsito combinado de persoas e de vehículos, evitando o illamento do barrio.

Até o de agora Adif negouse, alegando a afectación aos talleres de Renfe e a outras edificacións industriais, indicou que fará unha pasarela elevada a máis de 200 metros da localización actual. Adif licitou xa a eliminación do devandito paso a nivel que está a xerar un gran malestar no barrio debido a



que dita alternativa non convence á veciñanza xa que obrigará aos coches para dar un rodeo de máis de 2 quilómetros.

De feito, os veciños e veciñas do barrio acaban de presentar un proxecto alternativo, documentado con material gráfico de como quedaría o paso subterráneo e que é posíbel levar a cabo se existe vontade por parte de Adif de revisar o proxecto e incluír o paso inferior para posibilitar o tránsito de viandantes e vehículos.

Consideramos pertinente que Adif manteña unha reunión cos veciños e veciñas para escoitar o seu plan que incorpora novidades e que permitiría a integración plena do barrio na trama da cidade.

**Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:**

1. Reunirase o Ministerio de Transportes cos veciños e veciñas do barrio de Peliquín en Ourense para coñecer o proxecto de paso subterráneo que propoñen, documentado mesmo con material gráfico como alternativa á supresión do actual paso a nivel?
2. Unha vez coñecido o proxecto elaborado pola Asociación de Veciños do barrio, Está disposto o Ministerio para consideralo e analizar as súas posibilidades?
3. Escoitará á veciñanza a fin de acordar unha solución máis adecuada?
4. En que fase están as obras da Variante de Ave a Ourense? Pode detallar o estado das obras e prazos?

Madrid, a 20 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

**Deputado do BNG no Congreso**



## **A LA MESA DEL CONGRESO**

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas al proyecto de paso subterráneo realizado por la asociación de vecinos y vecinas del barrio de Peliquín (Ourense) alternativo a la supresión del paso a nivel actual con motivo de las obras de la Variante del AVE de Ourense.**

En anteriores iniciativas parlamentarias nos dirigimos al Ministerio de Transportes para trasladarle las demandas de los vecinos y vecinas del barrio de Peliquín ante la decisión de Adif de suprimir el paso a nivel con barreras existente en el barrio, con motivo de las obras de construcción de la Variante del AVE de Ourense, en el tramo Taboadela-Estación de Ourense, y su opción de sustituirlo por la construcción de un paso elevado destinado sólo al tránsito de viandantes.

Desde que se tuvo conocimiento de los planes de Adif, el vecindario se movilizó para convencer a Adif de la necesidad de elegir una solución que compatibilizase el paso de peatones y coches y no dejase el barrio incomunicado. Su apuesta fue siempre la creación de un paso subterráneo para permitir el tránsito combinado de personas y de vehículos, evitando el aislamiento del barrio.

Hasta ahora Adif se ha negado, alegando la afectación a los talleres de Renfe y a otras edificaciones industriales, indicando que hará una pasarela elevada a más de 200 metros de la ubicación actual. Adif ha licitado ya la eliminación de dicho paso a nivel que está generando un gran malestar en el barrio puesto



que dicha alternativa no convence al vecindario ya que obligará a los coches a dar un rodeo de más de 2 kilómetros.

De hecho, los vecinos y vecinas del barrio acaban de presentar un proyecto alternativo, documentado con material gráfico de cómo quedaría el paso subterráneo y que es posible llevar a cabo si existe voluntad por parte de Adif de revisar el proyecto e incluir el paso inferior para posibilitar el tránsito de viandantes y vehículos.

Consideramos pertinente que Adif mantenga una reunión con los vecinos y vecinas para escuchar su plan que incorpora novedades y que permitiría la integración plena del barrio en el entramado de la ciudad.

**Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:**

1. ¿Se reunirá el Ministerio de Transportes con los vecinos y vecinas del barrio de Peliquín en Ourense para conocer el proyecto de paso subterráneo que proponen, documentado incluso con material gráfico como alternativa a la supresión del actual paso a nivel?
2. Una vez conocido el proyecto elaborado por la Asociación de Vecinos del barrio, ¿Está dispuesto el Ministerio a considerarlo y analizar sus posibilidades?
3. ¿Escuchará al vecindario a fin de consensuar una solución más adecuada?
4. ¿En qué fase están las obras de la Variante de Ave a Ourense? ¿Puede detallar el estado de las obras y plazos?

Madrid, a 20 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

**Diputado del BNG en el Congreso**

